



Concello
SOUTOMAIOR
Pontevedra

Educación + Medio ambiente + Voluntariado
Programa **SI QUERO, COLABORAR**

O Concello de Soutomaior pon en marcha un novo programa de educación e sensibilización medioambiental no que se implican varios departamentos: Educación, Medio ambiente e Voluntariado co fin de promover iniciativas mediante as cales os veciños e veciñas poidan implicarse e formarse para participar en accións de voluntariado na natureza.

Os obxectivos deste programa son:

- Contribuír á redución do impacto que a acción humana ten sobre o Patrimonio Natural.
- Facer sustentable o uso de recursos naturais.
- Promover a educación ambiental e a participación cidadá no coidado da natureza.
- Concienciar sobre a necesidade de mudar as nosas prácticas de consumo.
- Ofrecer formación básica sobre como conservar e protexer os espazos naturais.

O obxectivo final é potenciar o patrimonio natural do Concello e promover valores de respecto e conservación.

Como funciona o programa?

As persoas interesadas en participar nestas accións inscribíranse, mediante un proceso moi sinxelo, no programa e así formarán parte do Plan Municipal de Voluntariado que lles dará cobertura legal a todas estas accións.

Dentro do programa ofertaranse varios **tipos de actividades en función do espazo natural no que vai a intervir e as súas problemáticas. Algunhas das accións serán, por exemplo:**

- Selección, recollida e tratamento de residuos.
- Investigación (catalogación de flora e fauna).
- Identificación e redución de especies invasoras.
- Diminuír os danos que se producen no patrimonio cultural do entorno dar a coñecer o patrimonio paisaxístico e forestal que existe no monte veciñal e reducir o risco de lume.



Concello
SOUTOMAIOR
Pontevedra

Metodoloxía:

Cada acción será levada a cabo por profesionais na materia que combinarán formación, explicacións técnicas, a acción concreta, o lúdico, a convivencia e a práctica de actividades saudables.

Inscripcións e documentación necesaria:

É obrigatorio inscribirse previamente para participar nesta xornada PORQUE cada acción forma parte do Plan Municipal de Voluntariado e a lexislación esixe que as persoas voluntarias estén dadas de alta para así contratar os seguros de RC, garantir os seus dereitos e tamén que sexan informados/as das súas obrigas (Lei 3/2000, de decembro do Voluntariado de Galicia).

- Fotocopia de DNI
- Acordo de colaboración (facilitado pola OMIX)

Si es menor de idade DNI titor/a e documentación asinada polo teu titor/a.

Máis información e inscrición: na OMIX, Tel. 986700822, omix@soutomaior.com
educacion@soutomaior.com

ACCIÓNS:

O programa constará de varias accións que se desenvolverán ao longo do ano 2018. A terceira delas será:

3º ACCIÓN: HOXE IMOS INVESTIGAR: o que agochan os recunchos do noso Concello.

DATAS E HORARIOS:

30 de setembro de 10.30 a 13.30 h (traballo de campo)

7 de outubro (obradoiro elaboración do caderno) de 10.00 – 13.30 h no Multiusos.

- **ACCIÓN:** Investigación (catalogación de flora e fauna). Identificación e redución de especies invasoras.

Obxectivo: iniciar un proceso de investigación sobre a flora existente no municipio e elaborar un caderno de campo no que se recolla información sobre: hábitats, especies autóctonas e alóctonas, ...etc.

Breve descrición da xornada:

Comezaremos cunha **sesión inicial en natureza (dia 30 de setembro)** para presentar o programa, dar unhas noicións básicas sobre como realizar o traballo de campo e recoller a información. A sesión será de 10.30 a 13.30 horas. Visitaranse diferente masas arbóreas existentes no concello, para abarcar o maior número de especies e diferentes hábitats.



**Concello
SOUTOMAIOR
Pontevedra**

A seguinte sesión será **unha xornada en aula (dia 7 de outubro) para facer o caderno de campo**: identificación das especies, organización da información, deseño e elaboración do caderno de campo

Despois realizarase por parte do Concello un traballo final de dixitalización do caderno.

Perfil das persoas voluntarias?

- **Titulación:** non requirida
- **Experiencia:** ningunha
- **Idades:** as persoas menores de 12 anos poderán participar pero sempre acompañadas dunha persoa adulta. As autorización de menores terán que ser asinadas polos seus responsables e titores legais.
- **Perfil:** aberto a toda aquela persoa interesada en coñecer o que nos rodea.
- **Material necesario que traen as persoas participantes:** roupa cómoda e que se poida manchar.

Número de prazas: 20

Prazo de inscrición: ata o 25 de setembro

Documentación: fotocopia do DNI + acordo de colaboración